

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE AXUDA Á EXPLOTACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DE LUGO (PROXECTO Nº 09446001 MOBILIDADE E 09UR6001 URBAN INSTALACIÓN SAE COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL - FEDER).

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato a subministración e instalación dun sistema de axuda á explotación do transporte público urbano en beneficio do casco histórico da cidade de Lugo como proxecto piloto para extendelo nun futuro a outras zonas da cidade, todo elo segundo o prego de prescricións técnicas elaborado polo enxeñeiro de camiños do Concello de Lugo.

Inicialmente realizarase a subministración e instalación do sistema en vinte autobuses, once terminales de información en paradas, equipamento do posto de control, software do sistema, instalación, verificación e posta en marcha.

CNAE.- 61 Telecomunicacions

CPV.- 30241500-5 «Software» de sistemas

30254300-7 Sistema de información ao pasaxeiro

30254320-3 Sistema de información aos pasaxeiros en tempo real

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato mixto de subministración e instalación, recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a subministración e instalación dun sistema de axuda á explotación do transporte público urbano de Lugo. Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración (artigo 9 LCSP). Trátase dun contrato suxeito a regulación armonizada xa que o seu valor estimado é superior ó indicado no artigo 15 da LCSP.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo para a execución deste contrato será de OITO MESES dende a data de formalización do contrato administrativo.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 324.192,87 euros polo que incluído o 16% de IVE (51.870,86 euros) resulta un presuposto total de 376.063,73 euros (TRESCENTOS SETENTA E SEIS MIL SESENTA E TRES EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS) *

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na partida 3220.62309 e 4460.62309 do orzamento xeral de 2009.

CONTRATACIÓN
MLA/MLA
Ref#: Prego SAE Lugo.doc
Asunto: SAE Lugo

Dada a duración do contrato, non procederá a revisión de prezos.

***3.- A partir do 1 de xullo de 2010, e de conformidade coa Lei 26/2009 de 23 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para este ano, o tipo impositivo do Imposto de Valor Engadido para estes contratos será do 18% sen que este aumento supoña un maior custo para o Concello que o resultante da adxudicación dos contratos.**

En consecuencia as empresas adxudicatarias deberán reducir a partir desa data a base imponible nas facturas que presenten pola prestación dos servizos na cantidade necesaria para que unha vez aplicado o IVE do 18% o prezo que pague o Concello se manteña inalterable.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituían temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal

de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica deberá ser xustificada necesariamente polos tres medios seguintes:

- a) Acreditación de que a empresa está xestionando na actualidade un ou varios sistemas de axuda á explotación do transporte urbano que na totalidade sumen un número mínimo global de 1.000 autobuses e 400 paneles informativos.
- b) Acreditación de que a empresa instalara nos últimos cinco anos dende o anuncio de licitación do contrato, sistemas de axuda á explotación do transporte urbano en, a lo menos, cinco cidades de mais de 100.000 habitantes no momento da licitación deste contrato.
- c) Indicación do persoal técnico, participante no contrato, acreditando mediante a presentación dos curriculum vitae, a experiencia na montaxe de sistemas de axuda á explotación de transporte urbano e o compromiso de adscripción á execución do contrato do dito persoal.

A acreditación destas circunstancias realizarase:

- **O apartado a) mediante informes ou certificados de execución emitidos polas Administracións Públicas ás que se actualmente se lle preste os servizos e nos que necesariamente deberá indicarse o número de autobuses e paneles informativos.**
- **O apartado b) mediante informes ou certificados de execución emitidos polas Administracións Públicas (cinco) ás que se lles instalase sistemas de axudas á explotación do transporte urbano.**
- **O apartado c) mediante a presentación de curriculum vitae do persoal técnico xunto cun compromiso de adscrición do dito persoal á execución deste contrato.**

SÉTIMA. GARANTÍAS

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional por importe de **9.725,78 euros**.

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da adxudicación provisional. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalguna das formas sinaladasn o artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos esatablecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

CONTRATACIÓN
MLA/MLA
Refº: Prego SAE Lugo.doc
Asunto: SAE Lugo

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

O Concello de Lugo publicará anuncios de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

Tendo en conta que se ofrecerá acceso por medios electrónicos ós pregos e á documentación complementaria e que os anuncios se preparan en envían por medios informáticos e telemáticos, o prazo de presentación de proposicións será de **corenta días naturais** contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, B OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

O sobre denominado A, documentación administrativa, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

CONTRATACIÓN

MLA/MLA

Refº: Prego SAE Lugo.doc

Asunto: SAE Lugo

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do imposto sobre actividades económicas.

- Xustificante de constitución da garantía provisional, a cal consistirá nun 3 por 100 do presuposto do contrato (**9.725,78 euros**).

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola Xefa do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da LCSP.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O **sobre denominado B, Oferta Económica**, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

CONTRATACIÓN
MLA/MLA
Ref#: Prego SAE Lugo.doc
Asunto: SAE Lugo

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número, fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación da **SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE AXUDA Á EXPLOTACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DE LUGO (PROXECTO Nº 09446001 MOBILIDADE E 09UR6001 URBAN INSTALACIÓN SAE COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL - FEDER).**

b) Propón como prezo do contrato a cantidade de euros mais o IVE 16% (..... euros), do que resulta un total de euros.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

VOCAIS:

- O Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

CONTRATACIÓN
MLA/MLA
Ref#: Prego SAE Lugo.doc
Asunto: SAE Lugo

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas económicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

O **criterio de adxudicacion** para a selección da empresa adxudicataria será unicamente a oferta económica, de xeito que se propoñerá a adxudicación á proposición que oferte o prezo mais baixo.

O carácter desproporcionado ou temerario das ofertas poderá apreciarse de acordo cos parámetros obxectivos que se establecen nos regulamentos de desenvolvemento da LCSP.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación. Deberá notificarselles ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamene máis vantaxosa, que neste caso será a que incorpore o prezo mais baixo. Poderá declararse deserta a licitacion cando non exista oferta ningunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicacion que figuran nos pregos.

2.- No prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicacion provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 135.4 da LCSP.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais gastos que orixine a licitación e formalización do contrato.

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a súa constitución, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a súa resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, se é o caso, fose constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do contrato (Enxeñeiro de Camiños do Concello), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 272 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (500 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

- O contratista está obrigado a manter vixente, durante a vixencia do contrato, unha póliza de seguros que cubra a súa responsabilidade civil.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario virá obrigado a dispoñer de oficinas e taller de reparación dentro do termino municipal de Lugo, con tódalas licenzas e permisos que fosen necesarios para a actividade. O prazo máximo para o cumprimento desta obriga é de un mes dende a formalización do contrato administrativo.

O contratista adxudicatario virá obrigado a garantir a subministración de materiais e repostos nos quince anos seguintes ó remate da prestación, de todo aquel material instalado tanto nos autobuses como no resto de instalacións das que é obxecto este contrato.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra factura, unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformadas polo enxeñeiro de camiños do Concello de Lugo, o Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade así como pola Concelleira Delegada da Área de Economía, e Emprego. As facturas presentaranse cunha periodicidade mínima bimensual conforme ó ritmo de execucion do contrato e axustadas ás directrices

CONTRATACIÓN
MLA/MLA
Refº: Prego SAE Lugo.doc
Asunto: SAE Lugo

que estableza os responsables municipais coa finalidade de darlle correspondencia ós diferentes códigos de proxecto.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 275 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

Lugo, 21 de xaneiro de 2010

A TÉCNICO DO SERVIZO
DE CONTRATACIÓN

O XEFE DO SERVIZO
DE CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			

CONTRATACIÓN
MLA/MLA
Refº: Prego SAE Lugo.doc
Asunto: SAE Lugo

TELÉFONO:		FAX:	
------------------	--	-------------	--

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de constitución.**

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI:

FIRMA:

DATA:

CONTRATACIÓN
MLA/MLA
Ref#: Prego SAE Lugo.doc
Asunto: SAE Lugo